

PLAN DE TRABAJO DA ASIGNATURA DE MÚSICA

CURSO: 3º curso de E.P

PROFESORA: María Victoria Masid Fernández

ANO ACADÉMICO: 2023/2024

MATERIAIS REQUERIDOS: carpeta e estoxo.

PLAN DE TRABAJO:

A materia de música conta cunha carga horaria de 50 minutos á semana. En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina diaria (información sobre a sesión, canción de benvida ou quecementos, parte principal, despedida ou relaxación) permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgúns cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que fan uso de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa música.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A área de música e danza, coma se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa, organizada en catro bloques de contido fundamentais que se desenvolverán de forma gradual e progresiva, estes son:

1. Educación musical: percepción e análise (25%)
2. Educación musical: creación e interpretación (25%)
3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise (25%)
4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación (25%)

O traballo na materia está organizado ao redor de 4 unidades didácticas planificadas de xeito que 3 delas teñan unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxa o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores. Dita unidade, relacionada co PDI escollido polo centro, está pensada para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Para levar a cabo a avaliación do alumnado teremos en conta os diferentes indicadores de logro que foron seleccionados dos criterios de avaliación que veñen recollidos no Decreto 105/2022 anteriormente citado.

A maiores dos instrumentos de avaliación establecidos, terá gran importancia a actitude e participación do alumno/a na aula posto que tal e como dixo Dalcroze, un dos pedagogos musicais máis relevantes, “as habilidades musicais non son un talento innato do individuo, senón que hai que adestralas ao longo da vida”.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 85% + UD4 15%

-2º trim.: UD2 80% + UD4 20%

-3º trim.: UD3 80% + UD4 20%

RELACIÓN ENTRE BLOQUES DE CONTIDO E O SEU PESO NA AVALIACIÓN.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

BLOQUES DE CONTIDO	%	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Educación musical: percepción e análise	27	Táboa de indicadores Intercambios e análise das producións orais e escritas do alumno/a
Educación musical: creación e interpretación	33	Táboa de indicadores Análise das producións do alumnado: <ul style="list-style-type: none">• Interpretación e creación vocal• Interpretación e creación instrumental• Interpretación e creación corporal e danza
Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	20	Táboa de indicadores Intercambios e análise das producións orais e escritas do alumno/a
Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	20	Táboa de indicadores Análise das producións dos alumnado